

## **RESOLUCIÓN (Expte. RA 27/2010: PRÁCTICAS AUTOESCOLAS DE VIGO)**

### **Pleno**

Sres.:

D. Francisco Hernández Rodríguez, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (Tribunal ou TGDC en adiante), coa composición indicada máis arriba e sendo relator D. Alfonso Vez Pazos, vogal, ditou a seguinte Resolución no Expediente RA 27/2010, Prácticas de autoescolas de Vigo (Expediente 9/2009, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, "SGDC"), orixinado pola denuncia remitida á CNC e trasladada por esta ao SGDC por presuntas prácticas anticompetitivas de determinados propietarios de autoescolas de Vigo.

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 3 de setembro de 2009, a Comisión Nacional de la Competencia remitiu ao SGDC a denuncia por presuntas prácticas anticompetitivas por parte dalgúns propietarios de autoescolas de Vigo. Na citada denuncia expónse que os denunciados controlan todos os movementos das autoescolas e presionan aos propietarios para que non baixen os prezos e que exercen presión para que o resto das autoescolas continúen declarando entre 7 e 10 prácticas por alumno, cando realmente se imparten moitas máis.

Segundo resume o SGDC no seu Informe-proposta, “o denunciante culpa de toda esta trama a XXXX principalmente, dicindo que foi o único propietario que non foi sancionado polo Tribunal da Competencia na recente investigación realizada ante a sospeita de que se pactaban os prezos. Tamén afirma que lle consta que o XXXX leva tres contabilidades distintas e que a cooperativa *Escola Profesional de Conductores* que preside este denunciado, obrígaos a cometer ilegalidades, dándolles unha comisión do 30% con recibos sen numeración e tamén cobran comisións sen recibo a clientes de cursos de recuperación de puntos.”

Así mesmo, que “XXXX e XXXX aprovéitanse de seren presidente e secretario da Asociación Provincial de Autoescolas para facer visitas regulares ás autoescolas para mirar os prezos aplicados por cada unha, sen deixarlles baixalos baixo ameaza de non permitirlles acceder ás pistas para prácticas con vehículos, cando sen ese acceso ás pistas non teñen as condicións mínimas para manteren as autoescolas abertas.”.

2.- Ao abeiro do disposto no artigo 49.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, o SGDC acordou realizar unha información reservada. A tal efecto, solicitou á Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra unha listaxe das autoescolas da provincia que realizaban as probas de aptitude en Vigo.

3.- Tras recibir esta relación, o SGDC solicitou a todas as autoescolas información sobre a veracidade dos feitos denunciados, “así como sobre calquera outra práctica irregular da que teña coñecemento no ámbito da actividade das autoescolas de Vigo e comarca.”

4.- Na súas respostas, as autoescolas contestaron negando ter coñecemento

de que se estiveran realizando tales prácticas. Só a Autoescola XXXX, que xestiona XXXX, denunciou problemas coa entidade Piñeiral do Rei, S.A., que lle impedía acceder ás súas instalacións, así como que a Dirección Xeral de Tráfico lle impuxo multas ás autoescolas, sen indicar expresamente cáles, sinala o SGDC, por utilizaren persoas que non eran monitores para dar clases e por utilizaren un só monitor para dar clases con máis dun vehículo á vez. En ambos casos, indicaba na súa resposta que estaban implicados XXXX, XXXX e XXX.

Como destaca o SGDC, xunto coa denuncia, entre outra documentación, o Sr. Gomes achegou copia das denuncias presentadas ante o Ministerio de Economía e Facenda por presuntas infraccións de natureza fiscal.

5.- Con data 20 de xaneiro de 2010, o SGDC remitiu ao TGDC o seu informe-proposta no que propoñía acordar a non incoación dos procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei, co arquivo das actuacións, por non existir indicios de infracción da lei.

6.- Con data 27 de xaneiro de 2010, o Pleno do TGDC admitiu a trámite este expediente e nomeou relator do mesmo a D. Alfonso Vez Pazos, vogal.

7.- O Pleno do TGDC deliberou e pronunciouse sobre o presente expediente na súa reunión do 28 de outubro de 2010.

8.- Son interesados:

- XXXX.

- Escola Profesional de Condutores de Vigo.

- Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra.

-Os titulares das seguintes autoescolas da provincia de Pontevedra: Autoescola

San José, O´SeAlquila, Telmo, Lusant, Valle Miñor, Queimadelos, Alonso, Casablanca, La Guía, Tuy, Quyaró, Vial, Carballo, Faro, Caselas, Siso, Roda, Cañiza, S. Gregorio, Coya, As Neves, Salaberri, S. Benito, Rally, Castelao, Fontán, Paso, Condado, Salvaterra, Doblada, Toural, Calvario, Jarama 2000, Vigo, Fragoso, Cesantes, Covelo, Aloya, Caracas, E.P.C., Arenal, Balaidos, A Ponte, Travesía, Anduriña, GTI, Eli´s, MonteReal, Garfield, Turbo, Olívica, Tomiño, Avenida, Rande, Carril 32, DL O Rosal, De Luis, Miño, Plaza, Peña, A-52, Salmar, Tráfico, Coca, Florida, Formula 1, Pazo, Box e Otto.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-** Este Tribunal considera que o presente asunto debe examinarse de acordo coa Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, por terse iniciado con posterioridade a súa entrada en vigor, tal e como prevé a Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2007 que sinala que só os procedementos sancionadores incoados antes da entrada en vigor desa lei, que se produciu o pasado 1 de setembro de 2007, se tramitarán e resolverán de acordo coas disposicións vixentes no seu inicio.

**SEGUNDO.-** Conforme ao réxime establecido na Lei de coordinación das competencias do Estado e das comunidades autónomas en materia de defensa da competencia (Lei 1/2002, do 21 de febreiro) e a súa Lei de creación (Lei 6/2004, do 12 de xullo) ao Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC) correspóndelle resolver os procedementos sancionadores que teñan por obxecto as condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC).

O apartado 3 do artigo 49 da devandita Lei establece que o Tribunal, a proposta da Servizo, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC e

ordenar o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción. Neste caso corresponde ao Tribunal Galego de Defensa da Competencia, por tanto, analizar a proposta realizada polo SGDC para ver se procede aceptala e, en consecuencia, archivar as actuacións desenvolvidas ata agora ou, polo contrario, se procede rexeitar esa proposta por se apreciar indicios de infracción das normas de competencia, instando nese suposto ao SGDC a que prosiga a súa investigación e acorde, no seu caso, a incoación do oportuno expediente sancionador.

**TERCEIRO.-** O asunto de fondo que debe decidir este Tribunal é se acepta ou non a proposta do SGDC, efectuada no seu escrito de 20 de xaneiro de 2010, na que sinala o seguinte:

*“Á vista de todo o anterior, procede analizar se algunha das condutas descritas, denunciadas polo propietario dunha soa autoescola e contidas tamén na denuncia anónima, pode constituír unha infracción da normativa da competencia.*

*Os artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia describe cales son as condutas prohibidas merecedoras de sanción: as condutas colusorias, o abuso de posición dominante e a competencia desleal que por falsea-la competencia afecte ó intereses público. Non obstante, as condutas denunciadas neste expediente son doutra natureza, aínda que poidan cualificarse como actos ilícitos doutro tipo.*

*En efecto, a eventual existencia de contabilidades distintas ou a prestación de servizos sen recibo poderían constituír infraccións fiscais, que corresponde investigar ás autoridades competentes. As discrepancias pola utilización das instalacións do Piñeiral do Rey afectan ó cumprimento dun contrato mercantil previo, cuestión que debe someterse á xurisdición civil. Finalmente, as presións*

*ás autoescolas que afectarían á imposición de prezos poderían constituír un ilícito penal, sen ben ningunha outra autoescola ratifica a existencia de tales condutas.*

*O denunciante ou denunciante non alegan un posible pacto xeneralizado de prezos de carácter voluntario, que si podería cualificarse como conduta contraria á defensa da competencia. Da información reservada tampouco se derivan indicios de condutas anticompetitivas.*

*En consecuencia, en aplicación do disposto no artigo 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, este servizo **proponlle** ó Tribunal Galego de Defensa da Competencia **acordar a non incoación dos procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei, co arquivo das actuacións, por non existiren indicios de infracción da lei.***

**CUARTO.-** O TGDC está de acordo co SGDC en que varias das condutas denunciadas neste expediente poderían ser contrarias a normas que afectan a ámbitos xurídicos distintos do da competencia, tales como o ámbito fiscal, civil ou mesmo penal.

Eses feitos denunciados de natureza distinta da competencia deben ser ventilados nos tribunais ordinarios que correspondan a cada tipo de conduta e a eles deben dirixirse os interesados na súa persecución e eventual castigo. En todo caso, son materias sobre as que non pode pronunciarse este Tribunal por exceder a competencia que ten atribuída por lei.

**QUINTO.-** Sen embargo, é certo que a denuncia menciona tamén dous actos que, de seren verdadeiros, constituirían unha violación flagrante das normas que regulan a competencia nos mercados, en particular do artigo 1 da LDC.

Eses dous feitos son, por unha parte, a presión que, de acordo á denuncia, exercen os denunciados ao resto das autoescolas para que non baixen os seus prezos; e, por outra, que o presidente e secretario da Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra se aproveitan de ocuparen eses cargos para faceren visitas regulares ás autoescolas para mirar os prezos aplicados por cada unha, sen deixarlles baixalos baixo ameaza de non permitirlles acceder ás pistas para prácticas con vehículos, cando sen ese acceso ás pistas as autoescolas non teñen condicións mínimas para se manteren abertas.

Ora ben, no expediente non se achegan probas que permitan acreditar a veracidade da denuncia concretamente sobre eses dous feitos relevantes desde a perspectiva da competencia, e que as persoas denunciadas leven ou levaran a cabo esas accións que, caso de seren certas, distorsionarían gravemente a concorrència no mercado.

Por iso, con independencia do xuízo que merecen eses feitos, a este Tribunal non lle cabe senón declarar, por falta de probas, non acreditada a realización de actos contrarios ás normas da competencia neste expediente e, en consecuencia, confirmar a proposta de arquivo do SGDC.

**SEXTO.-** En todo caso, o TGDC quere lembrar neste contexto a súa Resolución de 27 de decembro de 2007 sobre o expediente S 1/ 2007, Autoescolas de Vigo no que declarou responsable da realización dunha recomendación colectiva de prezos á Asociación Provincial de Autoescolas de Pontevedra, entidade tamén denunciada no presente caso, á que sancionou cunha multa de 75.000 euros, e impuxo diversas sancións a cincuenta autoescolas da mesma provincia por concertar prezos para a obtención do permiso de conducir tipo B.

Nesa Resolución o TGDC instou ao SGDC a vixiar e controlar o cumprimento do disposto nela polo Tribunal, o que incluía entre outras cuestións, unha intimación aos responsables das condutas anticompetitivas sinaladas para que cesasen nesas prácticas e no sucesivo se abstivesen de realizalas.

Esas disposicións do Tribunal seguen hoxe sendo completamente válidas e, por tanto, por unha parte, corresponde aos responsables daquelas condutas sancionadas absterse da realización de calquera acto que poda ser contrario ás normas de competencia e ao SGDC, cos medios de que dispoña, a vixilancia e control de tales prácticas no sector de autoescolas na provincia de Pontevedra.

Neste sentido, o Tribunal quere advertir que o incumprimento ou contravención do disposto nas resolucións ditadas en aplicación da Lei 15/2007, de defensa da competencia sobre condutas restritivas constitúe unha infracción moi grave, de acordo co artigo 62.4.c) da citada Lei, que pode ser sancionada con multas de ata o 10 por cento do volume de negocios da empresa responsable, e, no caso de que non sexa posible determinar o volume de negocios, con sanción de mais de 10 millóns de euros; e con multa de 60.000 euros aos representantes legais ou ás persoas que integran os órganos directivos que interveñan na decisión, se se trata dunha persoa xurídica.

Vistos os preceptos legais aplicables e os de xeral aplicación, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia



## RESOLVEU

**ÚNICO.-** Admitir a proposta do SGDC de arquivo do expediente RA 27/2009, de 20 de xaneiro de 2010, iniciado en virtude da denuncia remitida á Comisión Nacional de la Competencia e trasladada por ésta ao SGDC por presuntas prácticas anticompetitivas de determinados propietarios de autoescolas de Vigo.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e notifíquese aos interesados, facendo constar de que contra ela non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación.